

# Información para clientes sobre CBP

No pasado 2 de xuño, o Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, S.A. (de agora en diante, o Banco) adheriuse ao código de boas prácticas (de agora en diante, o Código de Boas Prácticas) publicado mediante a [Resolución do 12 de maio de 2021](#), da Secretaría de Estado de Economía e Apoio á Empresa, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros do 11 de maio de 2021, polo que se aproba o Código de Boas Prácticas para o marco de renegociación para clientes con financiamento avalado previsto no [Real decreto-lei 5/2021](#), do 12 de marzo, de medidas extraordinarias de apoio á solvencia empresarial en resposta á pandemia da COVID-19. En relación con este Código de Boas Prácticas, o Banco de España habilitou unha [sección específica](#) na súa páxina web. O devandito Código de Boas Prácticas foi ampliado segundo o Acordo do Consello de Ministros do 30 de novembro de 2021, publicado no BOE mediante a Resolución do 30 de novembro de 2021 da Secretaría de Estado de Economía e Apoio á Empresa; e modificado segundo o Acordo do Consello de Ministros do 29 de marzo de 2022, publicado no BOE mediante a Resolución do 30 de marzo de 2022 da Secretaría de Estado de Economía e Apoio á Empresa.

Poderán acollerse ás medidas do Código de Boas Prácticas os titulares de operacións de financiamento con aval do ICO, cuxas operacións fosen subscritas entre o 17 de marzo de 2020 e o 13 de marzo de 2021 (ambos excluídos). Se vostede é titular dunha destas operacións, pasamos a describirlle as medidas que pode solicitar ao abeiro do Código de Boas Prácticas:

O Código de Boas Prácticas consta de tres medidas: (I) ampliacións do prazo das operacións de financiamento (e, se é o caso, inclusión ou ampliación do período de carencia); (II) conversión das operacións de financiamento en préstamos participativos; e (III) transferencias directas en relación coas operacións de financiamento (que se aplicarán para reducir o principal avalado, incluído o vencido e non pagado baixo as devanditas operacións de financiamento).

Desde o pasado 1 de xuño de 2022 só se pode solicitar a medida (III), é dicir: transferencias directas en relación coas operacións de financiamento (que se aplicarán a reducir o principal avalado, incluído o vencido e non pagado baixo as referidas operacións de financiamento). **Estas transferencias requiren a autorización da entidade financeira, xa que están suxeitas aos procedementos internos e ás políticas de concesión e de riscos. Polo tanto, o Banco pode denegar esas solicitudes.**

A continuación, describimos de maneira moi xenérica para o seu coñecemento as características principais das transferencias directas:

O cliente que solicite esta medida deberá cumprir cos seguintes requisitos: (i) non estar suxeito a un procedemento concursal, salvo que neste adquirise a eficacia un convenio, nin estar suxeito a intervención xudicial ou que fose inhabilitado conforme ao texto refundido da Lei concursal, sen que concluíse o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso; (ii) cumprir cos límites da normativa europea de axudas de Estado; (iii) que non fose condenado mediante sentenza firme (a) por delitos contra a Facenda Pública e contra a Seguridade Social, (b) nin por delitos de frustración da execución, insolvencia punible ou alzamento nos que un dos suxeitos

prexudicados fose a Facenda Pública, (c) nin a pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas ou por delitos de prevaricación, suborno, malversación de fondos públicos, tráfico de influencias, fraudes e exaccións ilegais ou delitos urbanísticos mediante sentenza firme (d) á resolución firme de calquera contrato celebrado coa Administración; (iv) estar ao corrente de pagamentos de obrigas por reintegro de subvencións ou axudas públicas; (v) estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social; (vin) non ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal; (vii) que sufrise unha diminución da facturación como mínimo dun 30 % en 2020 con respecto ao nivel de 2019; e (viii) ter unha conta de perdas e ganancias (do ano 2020) con resultado negativo despois de impostos. De novo, debemos sinalar que os anteditos requisitos foron marcados polo ICO. Indicámoslle que poderá informarse na súa oficina dos documentos que terá que entregar para demostrar que cumpre cos anteditos requisitos.

Esta medida poderase solicitar ata o 15 de abril de 2023. O límite de transferencias directas será de 2.300.000 € e computarán todas as operacións ao abeiro do apartado 3.1 do Marco temporal.

A transferencia directa non poderá superar o 50 % do principal avalado pendente de pagamento, excepto se a diminución na facturación descrita no punto (vii) anterior fose superior ao 70 % en 2020 con respecto ao nivel do ano 2019, en cuxo caso podería atinxirse o 75 % do principal avalado pendente de pagamento. As entidades farán unha redución proporcional á realizada polo ICO (en relación coa parte do financiamento con aval público non cuberta por este aval).

**As transferencias directas están suxeitas ás políticas e aos procedementos de cada entidade e, polo tanto, o Banco pode denegar esas solicitudes.**

A entidade coa que o cliente teña maior endebedamento con aval público será a “entidade coordinadora” das transferencias directas. Para os efectos deste cálculo non se computarán as operacións de financiamento que teñan garantías reais. Deberá dirixir a solicitude á referida “entidade coordinadora”, que lle indicará como proceder.

A entidade coordinadora obterá a información necesaria da man do resto de entidades coas que o cliente teña operacións de financiamento con aval público, para intentar ofrecerlle unha solución conxunta de todo o seu endebedamento contraído entre o 17 de marzo de 2020 e o 13 de marzo de 2021 (ambos excluídos, con aval público e sen aval). Esa solución plasmarase nun acordo de renegociación de débeda.

As entidades financeiras poderán sumarse á proposta da entidade coordinadora (o acordo de renegociación de débeda) ou rexeitala. No caso do **endebedamento con aval público**, se se alcanza unha maioría (66 % no caso de transferencias directas —se o cliente é peme, co apoio das tres entidades con maior exposición—) arrastrarase a minoría disidente. No caso do **endebedamento sen aval público**, o resto de entidades non se verán arrastradas en ningún caso pola proposta da entidade coordinadora e poderán sumarse de maneira voluntaria ao referido acordo de renegociación de débeda ou propor unha alternativa —de maneira bilateral— ao cliente.

Como xa sinalamos, os requisitos descritos anteriormente terán que ser acreditados documentalmente (i.e. certificado de antecedentes penais, certificados da Seguridade Social e Administración Tributaria, modelo fiscal anual do IVE, etc.). Deberase autorizar a entidade coordinadora a compartir información entre as entidades financeiras (adheridas ao Código de Boas Prácticas) coas que o cliente teña operacións con aval público emitido polo ICO, entre estas entidades co ICO, e o ICO a obter información da Administración Tributaria e da TXSS, e que estas (AEAT e TXSS) compartan información co ICO.

Só poderá solicitar UNHA vez transferencia directa en virtude do Código de Boas Prácticas. Excepcionalmente aceptarase unha segunda solicitude no caso de que xa realizase unha solicitude e a segunda solicitude proveña da diferenza entre o importe máximo de transferencia establecido previamente (1.800.000 €) e o novo importe máximo (2.300.000 €) establecido tras a ampliación do CBP (segundo o Acordo de Consello de Ministros do 30 de novembro de 2021, publicado no BOE mediante a Resolución do 30 de novembro de 2021 da Secretaría de Estado de Economía e Apoio á Empresa.

Os custos derivados da implantación das medidas anteriormente descritas serán soportados polo cliente.

O Banco comprométese a prorrogar as liñas de circulante (non amparadas por aval público) ata o 30 de xuño de 2023 aos clientes que se beneficien dalgunha das medidas do Código de Boas Prácticas.

En caso de beneficiarse dalgunha das medidas recollidas no Código de Boas Prácticas, e tal e como se regula nel, o cliente comprometerase a: **(i)** manter a actividade ata o 30 de xuño de 2022; **(ii)** non repartir dividendos durante 2021 e 2022; e **(iii)** non aprobar incrementos nas retribucións de alta dirección durante o período de dous anos desde a aplicación dalgunha das medidas.

En caso de dúbida, póñase en contacto coa súa oficina.



[bbva.es](https://bbva.es)



Rede de caixeiros



Apps BBVA



Liña BBVA  
91 298 35 96



Oficinas  
BBVA



Redes  
sociais